

O HOME XIRAFÁ (CGAC, Compostela).

Por Julio Gómez. Colectivo Laranxa&Limón

Quén ía dicirme meses atrás que a miña primeira visita ó CGAC, templo sagrado de peregrinación para os amantes desas "cousas" que os humanos chamamos Arte Contemporáneo, ía ser para bailar co todopoderoso guro das danzas ciber-químicas: Jeff Miles. Bueno, bailar é un dicir porque estaba tan abraiado que pasei toda a noite controlando os mozos que tentaban pasa-las copas ás agachadas dos vixiantes. Sempre perplexo pola incredulidade da organización que non chegaba a entender que non hai nada máis contemporáneo e vangardista que un inmenso porro de Hachis de batea regado cun caldo escocés. Unha mágoa porque tan magno acontecemento podería chegar a sentar precedentes entre as esferas do Pazo do Hórreo e moitos xa nos facíamos ilusións de montar un Chill-out no Portico da Gloria: ¡mola con botafumeiro e todo!

Imaxinádevos o Home Xirafa amenizando unha sesión de verán cando a catedral está ateigada de turistas (e nada de entrar polo morro). Se repiten as pautas coas que nos deleitaron no CGAC, teríamos un completo menú para tódolos gustos. Cando as autoridades entran no recinto sagrado Chiu e Xoan principian a banda sonora cos sabios aburridos: agora que si Caipirinha Productions, agora un pouco de Chain Reaction e como te queixes solto todo o catálogo de Mille Plateaux. Despois, e para facerlles máis levadeiro o esforzo, os monxes que empurran o batafumeiro fan un repaso polos artistas máis golfos. Xa saben, entre Bungalow, F Communications e Minifunk. A auto-estrada do tempo que conecta Berlín-París-Barcelona entre o século XXI e aqueles gloriosos sesentas. Xa me imaxino máis dun pendurado do botafumeiro e os xaponeses embaixo marcando o compás cos flashes das fotos. Para rematar tanta modernidade e, aproveitando as circunstancias, como sempre hai despistados que identifican electrónica co "piñon fixo", o Home Xirafa destapan ós grandes mestres de Detroit para clausura-la misa. En fin, Jeff Miles a toda pastilla e Plastikman como monaguillo. Quén da máis. Ninguén, porque neste país, e noutros tamén, os "dejotas" acostuman repetirse-reiterarse unha vez os descubres. Algo que non te pasara con Chiu e Xoan. Eclecticismo, bo gusto e moitas sorpresas.

LINK ARTIGO: <http://www.imaxin.com/omnibus/pdf/musica4a.pdf>